Fórum Cicerón 2011

Santiago de Compostela, 17 de Marzo de 2011
Estimados señores,

Tiven coñecemento do seu programa de mobilización do estudiantado universitario interesado en mellorar as súas competencias chave para a integración no mercado laboral.

Aínda que pola miña xuventude non podo acreditar unha experiencia profesional relevante, considero que o meu entusiasmo, motivación e ganas de superación me convirten nunha boa candidata para entrar no seu proceso de coaching.

Ante as numerosas solicitudes que recibirán preguntaranse por que xustamente haberían de seleccionárme como unha das trinta e dúas participantes.

- Desexo participar, aínda que pareza un argumento simple considero a motivación o principal paso para o éxito.
- Gústanme os retos e desafíos e non me amedentro ante circunstancias descoñecidas.
- Son unha persoa creativa e competitiva.
- Gústame o traballo en cooperación con outras persoas como forma de enriquecemento mutuo.
- Como politóloga, ninguén mellor para competir nese interesante debate no Parlamento Galego.

Por todo isto anímome a confiar en que nuns poucos días terán a oportunidade de coñecerme na illa de San Simón nunha experiencia novidosa que promete ser enriquecedora no ámbito formativo e que suporá un salto cualitativo cara ao mercado laboral. Non os decepcionarei.

Quedo á súa enteira disposición para todo informe complementario. Agradézolles a súa atención e quedo á espera das súas noticias.

Saúdaos atentamente,

Luca Chao Pérez.